


# Hotel Pazo O' Rial \*\*\*\*

(PONTEVEDRA) VILLAGARCÍA DE AROSA




Situación: En el corazón de las Rías Bajas a 2,5 km. de Villagarcía de Arosa por la carretera que va hacia Cambados. Se encuentra en un paraje tranquilo a 200 m. del mar y a 800 m. de la playa. Pazo gallego del siglo XVII restaurado y acondicionado para hotel de cuatro estrellas en el corazón de las Rías Bajas. Dispone de piscina, capilla, aparcamiento y amplias zonas ajardinadas. Cuenta con salón de juegos, salón chimenea, cafetería y restaurante. Sus habitaciones están dotadas de baño completo, televisión, teléfono, radio, secador de pelo, antena parabólica y calefacción. Tiene parking en el mismo edificio pero no es cubierto.

Lugar en donde pasarán un FIN de SEMANA 2 Personas. Serán los agraciados del Sorteo que se celebrará en el Recinto de la Fiesta.

# Sña. María de Cela

30 E 31  
AGOSTO  
2003

# Festa dos Mozos






# PANADERIA O'ROMANO

R.S.I. 20.12451/PO

PANADEIROS ARTESÁNS DENDE 1914

Central: Valado, 1 - Teléf. 986 32 01 53  
Despacho: Pazos Fontenla, 32 - Teléf. 986 32 24 29

BUEU



## Talleres CANCELIÑA

- MECANICA GENERAL DEL AUTOMOVIL
- RECAMBIOS
- VENTA DE VEHICULOS DE OCASION

Avda. de Marín, n.º 4 - CANCELIÑA  
Teléf. y Fax 986 32 16 03 - 36930 BUEU (Pontevedra)

## PRÓLOGO

Por Rubén Bastón Meira e Alejandro Cobas Piñeiro

Recollemos a testemuña dos tempos e das palabras.

Non é un exercicio orixinal o desta edición do libreto das Festas da Xuventude da parroquia de Santa María de Cela. De feito, non fixemos outra cousa que aproveitárnos do labor que no verán do 2002 realizaron as mozas e mozos da Asociación Cultural "Retrouso de Cela", ós que dende este modesto estrado saudamos e llelo agradecemos. Eles, para a edición libro-revista con motivo da terceira edición do Festival Retrouso, adicáronse durante uns días do mes de xullo a conversar con varias das persoas máis maiores da nosa parroquia. No seu libro publicáronse catro deses traballos, mais outras entrevistas, de non menos valor que as publicadas, quedaron sen lugar na edición.

Polo tanto, conscientes desta riqueza e para que non ficase de novo no relativo esquezo que significa o silencio, a grabación de audio non escoitada por ninguén, decidímonos a editar as entrevistas restantes. As tres corresponden a persoas do lugar do Torrón, onde descubrimos que hai unha alta presenza de xente moi maior, por enriba dos noventa anos.

É un fenómeno curioso, digno de estudio máis profundo, o de reflexionar sobre as causas que fan que nunha determinada zona semelle que se "conserven mellor" as persoas. Sexa como fóra, esta realidade dálle ó Torrón un valor engadido, a presenza entre os seus muros, xa non só na arquitectura, xa non só no pazo dos Aldao, senón tamén na historia viva, de avoas e avós, de bisavós e xa tataravós que gardan con absoluta limpeza, elegancia, saúde e cariño a posibilidade de falarnos no noso pasado, da historia a un tempo recente a afastada que, para ben ou para mal, nos determina como cultura.



*Racing*  
*Motos*  
**GALI**  
**MOTOR S.L.**

Moledo, 105 - ARDAN - Teléf./Fax 986 70 22 50  
36912 MARIN (Pontevedra)



TORRE - CELA - BUEU  
Teléfonos 986 32 04 14 - 986 32 26 08

Que non estrañe a ninguén, entón, que entreguemos o protagonismo dun libro da festa dos mozos precisamente ós menos mozos da parroquia. Hai que valorar en grande medida esta oportunidade que se nos ofrece de contrapoñer dalgún xeito a mocidade do agora coa mocidade do antes, de antes da Guerra Civil, de antes da radio e da televisión, de antes de internet, as playstations e a música electrónica. Un modo distinto de divertirse e traballar, de comer e relacionarse cos veciños.

Non buscamos dar respostas concluíntes nin ofrecer teses históricas. Renunciamos a calquera tipo de dogma. Sinxelamente non cremos que os mozos daquela fosen santos así como negamos que os de agora sexan demos. Da mesma maneira, apartámonos da opinión que proclama que no pasado todo era malo, como tampouco estamos pa aceptar que se pense que hoxe todo é bo e sinxelo para a mocidade, para todos. Ofrecermos a voz directamente ós que viviron aqueles anos responde á confianza que temos do desaxuste dos estereotipos.

Estas tres persoas demostran coas súas palabras que non hai absolutos. O pasado foi pobre pero había tamén diversión. Quizáis a falta detes absolutos se traduza nunha distinta inepretación da riqueza: non eramos pobres, simplemente non tiñamos cartos. A riqueza é outra cousa ben distinta que nesta sociedade consumista na que vivimos deberíamos tentar achegar o máis posible á felicidade, que non se consegue de ningún outro xeito senón que coa relación exitosa entre as persoas.

En definitiva, neste pequeno traballo atoparán vostedes tres historias do cotián, pequenos agasallos da realidade pasada que facilmente poderíamos ubicar en calquera avoa ou avó, xuntadas, iso si, a detalles verdadeiramente importantes e impactantes de cada personaxe. Ó lado da descrición do xogo da chave podemos atoparnos de súpeto cun ex-combatante da Guerra Civil, participante activo, que non voluntario, do decorrer da historia. É un relato curto que esperemos que lles agrade.

Pola nosa banda, non nos queda máis que agradecer de novo a Retrouso o préstamo das cintas coas conversas e, sobre todo, ós protagonistas por acceder a ser entrevistados. Perdoen as molestias que a nosa pouca capacidade na escrita poidan ocasionarlle. Moitas gracias e felices festas.



# AGRÍCOLA GARRIDO

*Dollos,  
Diensos,  
Cereales*

**Servicio a Domicilio GRATUITO**

C/. Pazos Fontenla, 7 - Telf.: 986 32 06 99 - BUEU

*Mercería*



# Elisa

Teléf. 986 320 141 - BUEU



## CELIA POUSADA CASTRO

*Naceu no ano 1911 no Torrón, en Cela. Casou moza, ós dezaioito e tivo tres fillos. Recorda con gusto os xogos que se practicaban na súa mocidade e as trasnadas que daquela se facían.*

### *¿Como se divertían antes de rapazas?*

Tocabamos a pandereta, faciamos magostos de caramuxos, e outras cousas, para era cando tiñamos doce ou trece anos, hasta alí non saíamos da casa.

### *¿E facíades magostos de caramuxos en vez de castañas?*

Si, tamén o faciamos de castañas. Noutra tarteira de caramuxos, despois comíámolos acompañados cunha cabaza de viño.


### *¿A que xogaba de pequena?*

Os escondites "coito por este", poñíámonos detrás dun poste e dabámoslle "cheo", "libre". O que máis nos gustaba era aprender a bailar cunha escoba. Acórdome que a veces de rapazas escapabamos ó baile, na casa non sabían nada, nos botabamos os zapatos e a roupa pola ventá e íamos unha hora alí o baile de Parapía.

### *¿Que nos conta da súa época de moza?*

¿De moza? Antes o que sabíamos con vinte anos sábeno agora os rapaces de dez. Eramos unhas parvas, non sabíamos nada. Decíanme a min de moza cando me miraba a barriga "rapaza, ¿non tes medo a morrer?" E eu como non sabía nada non lle facía caso. ¡Qué mundo máis parvo! Ías ó río a lavar, eras xa unha rapaciña grande, e se estaba cheo de xente, decíanche "rapaciña vai lavar para o río darrriba, que aquí onda os maiores non podes estar". Hoxe xa te desengaña tua nai o que é, e o que non é. E cando che decían: "non vaias por aí que poder vir o home dos rapaces" eu contestáballe: "é igual, tírolle unha pedra" poíanche medo para todo. Tamén cando mirabamos o paragüeiro escapabamos ¿E se viñan os guardias? Tiñámoslle un medo terrible.





## MESÓN DO ARRIEIRO

VIVEROS de MARISCO PROPIOS

Lapamán - MARÍN (Pontevedra)

Teléf. 986 70 23 79 - Móvil 608 08 69 85



INSIGNIA DE ORO  
AL MERITO DE  
GASTRONOMIA

## RESTAURANTE CASA TOMÉ

LOCAL CLIMATIZADO

C/. Barón, 15 - Teléf. 986 848 215

(Próximo al Parador de Turismo) - PONTEVEDRA

De Pontevedra a Bueu  
en comer ben o primeiro

¿Quién é?

o Mesón D' o Arrieiro

Xa o dicen por ahí

o Mesón D' o Arrieiro


e o mellor marisqueiro

e tamén ten bon Ribeiro

**"Arrieiros somos no camiño  
nos topamos"**

MARÍN - CADRELO  
PARDAVILA (PONTEVEDRA)

TELÉF. 986 70 25 62



# Casa Blanca

### ¿Cando caso vostede?

Casei de rapaza, con dezaioito anos. Tiven tres fillos e tiña que andar con eles de pequenos nun cestillo, no era como agora que hai coches para todo. Daquela cando eran pequenos eu amarráballe un cordel a unha caixa e paseábanse uns ós outros, ían por onda a fonte abaixo. Unha vez tiñamos dúas galiñas deitadas con vos e unha tarde destas marchei á plaza, porque antes íase moito á praza pola tarde, había mellor peixe que a mañán, pola mañán había sardiñas, xurelos... Pero se querías un corvelo ou unha pescada pois ías pola tarde. O caso é que eu marchei á praza e deixei os na casa. Os rapaces colleron os dous cestos e puxéronos no medio do chouzo para xogar á pitacega. Cando cheguei eu a casa estaban como sanbenitos, todos manchados de ovo polas camisas, itíña unha faena cando entrei! Tiven que tirarlle toda a roupiña e ila lavar ó río, non era como agora; non era lexos, pero era mal camiño ata chegar ó lavadoiro, onda os muiños.

### ¿Que máis trasnadas teñen feito?

O meu home tamén aprendeu a tocar o bombo, agora chámanlle a batería, era un bombo e unha caixa, tocaba os domingos e a veces os días santos, non era como agora que hai vernes e sábado. El gardaba o bombo no hórreo. Un día os rapaces non querían vir con nós a unha finca, e quedaron a xogar á chave. Esa mesma tarde, na veiga sentiamos un ruído por veces: "tran, tran, tran" e eu pregunteille ó meu home, "¿non estarán a tocar o bombo?" "pois tocan, tocan" díxome el. Efectivamente, cheguei á casa e tiña todo armado, uns a beillar e outros a tocar, íeran terribles! Gardeille todo e funme de volta para a finca outra vez, eles quedaron a xogar á chave.

### ¿Saían a xogar por aí?

Si, que os rapaces saían; sempre viñan trastados, con algún golpe, algunha vez había que levalos ó médico, a "chuculeiro" ou no colo, e gracias se o encontrabas.

### ¿Como mira vostede a vida de antes?

Ante tiñamos que facer todo: coser, cavar, moer, lavar, ir co balde a fonte... Tiñamos que facelo todo, eu non sei como o levabamos. Agora é unha vida de raíñas e aínda se queixan.

### ¿Traballábase moito non?

Era duro, pero como o levabas con tanta calma estabas contenta con ela, e hoxe se cho fan levar así dinche "¿como o levas?".

### ¿Vostede toca a pandereta ou algún instrumento similar?

Eu tocaba a pandereta, beillaba; icansada para iso nunca se estaba! Faciamos unha festa todos.

### ¿Como mira a vida hoxe?

Hoxe vívese moi ben, pero tamén se malgasta moito. A xente non aforra, antes mirábase "pola peseta", agora na roupa gástase unha cha de cartos e noutras chuminadas, os vellos de antes aforraban os zapatos para non gastalos.



TINTORERIA  
LAVANDERIA

# HITECH

LIMPIEZA DE TAPICERIAS DE COCHE - TRESILLOS  
MOQUETAS, ETC...

RESTAURACION PIEL, ANTE, BARBOUR

CANGAS - Teléf. 986 32 30 62 - Banda do Río  
**BUEU** (Pontevedra)



**INFORMÁTICA**  
**Mister CHIP**

Pazos Fontenla, n.º 47 - bajo - **BUEU**  
Teléfono 986 32 35 56

## MANUEL PIÑEIRO GARCÍA

*Todo o mundo o coñece por "O Gordo". Naceu o 11 de Maio de 1911 e Sabarigo. Caso con Aurora García Souto e tivo tres fillas. Botou dous anos na Guerra Civil e hoxe vive cunha filla e co senro no Torrón.*

### *¿Como lle chaman?*

Manuel o Gordo. Coñécemme poucos aquí por Manuel Piñeiro, son O Gordo.

### *¿Onde naceu?*

Nacín en Sabarigo, na banda dalá, agora que despois de casado compramos unha casaña aí no Torrón. Pero de pequeno vivín en Sabarigo. Casei e vivín en Sabarigo. Logo marchei vivir a Ardán a un sitio que lle chaman Cabodevila. Despois, de Ardán marchei a máis parriba do Caño de Moledo, no monte. Eramos dúas casas alí. Despois compramos aquí unha casaña, no Torrón, preparámola e viñemos pro Souto. Despois morreu a muller e vin vivir coa filla e co senro.

### *¿Onde se xuntaban para divertirse?*

Xuntabámonos nas encrucilladas, a tocar panderetas e charlar. E despois claro, tardabamos en vir prá casa e logo viña a vimbia.

### *¿Sabía tocar a pandereta?*

Non, eu nin tocaba a pandereta nin no baile bailaba. Miña muller si, aquela bailaba no aro dunha peneira. Gustáballe moito bailar.

### *¿Bailaba tamén muiñeiras e Jotas?*

Muiñeiras e jotás, todo o que fora. A aquela non se lle puña por diante nada. Ibamos á festa e bailaba con aquel, con aquela, e eu iba con outros a tomar algo. Ela divertíase á súa maneira.

### *¿E non lle ensinou a bailar?*

Non quixen eu. É como o fumar. Eu traballei para un home moi fumador que me quería ensinar a fumar e a xogar ás cartas, pero nada, non quixen vicios no corpo.



# STOCKS CONFECCION

**ATENDEMOS:**  
**DE LUNES A VIERNES de 17 a 20,30 H.**  
**SÁBADOS: ¡¡TODO EL DÍA!!**



Avda. Dr. Otero Ulloa, 10  
Edificio A. Horta  
SEIXO (Marín)

A 100 mts. de la Gasolinera sentido Bueu

**PRECIOS  
INCOMPARABLES**

## CENTRO DE QUIROMASAJE



## MANDRAGORA

Teléfonos **661 757 947 - 630 783 920**  
C/. Pazos Fontenla, 48 Entlo. (Encima de Correos)  
**BUEU** (Pontevedra)

### **¿Como eran os bailes daquela?**

Eran máis pasodobles e deste así. Non como agora, que van ó traqueteo.

### **¿E a jota e amuiñeira como a bailaban?**

En grupos. Poñíanse en filas e xuntábanse tres ou catro e bailaban uns cós outros. Era diferente ca agora.

### **¿Tocoulle ir a guerra?**

Si, dous anos. Fun con 25 anos. Fun ó cabo dun ano de empezar e botei hasta que acabou.

### **¿Onde estivo?**

Ai, mimadriña, non che poden contar. Castellón, Santander... moito, moito. Despois a guerra parteuse en dous e eu quedei na banda de Valencia, que foi onde se terminou.

### **¿Estivo na Toma de Valencia?**

Si, en Castellón. Aí foi onde máis xente morta mirei na miña vida. Ibas andando de noite e caías de fuciños enriba dos mortos. Logo caín férido e leváronme ó hospital a Santiago. Tres meses estiven. Caín dun coche con madeira. Leváronme a León. Aí estiven solamente 15 días. Logo, mandáronme de volta á guerra outra vez.

### **¿Desque empezou a guerra non volveu a casa en ningún momento?**

Non, bueno, cando estiven en Santiago vin cun permiso "de ti pra min". Un fulano que estaba de garda, como non me daban permiso "de ti pra min", dixo el: "O permiso voucho dar eu, pero as doce da noite tes que estar aquí". Entonces inda non botei nin un día na casa. Nin mirar fillos nin muller nin Dios.

### **¿Xa estaba casada daquela?**

Si, con tres fillas.

### **¿A que idade casou?**

Casei ós 23 anos. Daquela estabamos aínda en Sabarigo.

### **¿De que traballou vostede?**

De albañil e na labranza.

### **¿De pequeno foi á escola?**

Había escola pero non nos deixaban ir. Fun pouco de todo, aprendín a ler malamente, contas, multiplicar. Malamente.

### **¿Onde era?**

En muitos lados. Aquí Filgueira; onde era o baile de Lino, en Ardán, había outra, un maestro que lle chamaban Caballero. Despois aquí no Torrón, un vello que non sei se sería máis vello ca min, pero non che poden dicir como era porque era un guarro. Eu o único que aprendín aprendino dese vello. Despois aquí do Torrón marchou para Loureiro e a min levoume aí tamén, pero meu pai dixo: "Non podes ir que hai que ir labrar, hai que ir ó monte ó toxo, hai que carrear no esterco...".

### **¿Cantos Irmáns tiña?**

Sete. Eu era o do medio.

### **¿Acórdase do cura anterior a Don José?**



Era don Pedro. Este don Pedro era bo. A nós falábanos pouco. Co noso pai parábase no camiño, onde fose. Con nós parábase pouco, non é como agora, que os chavales agora levan outro ritmo que daquela. Despois o don José xa nos casou a min e mais a miña muller.

**¿Acórdase da política local de Bueu? ¿Johán Carballeira?**

Juan Carballeira, si. Pero nós a Bueu non ibamos. Daquela andabamos descalzos ou cos zoques nos pés, que non é como agora.

**¿E os bailes a onde iban?**

Ibamos a Pirigallo, aí en Parapía. Ibamos ó máis cerca. Pero non podíamos ir porque non nos deixaban, porque andabamos cos zoques nos pés ou cunhas zapatillas e non chegaban os zapatos para ir ás festas. Non eu, miñas fillas, levaban os zoques nas mans e sacábanos ó chegar ó baile. Non eran os tempos de agora.

**¿Que música había nos bailes?**

Acordeón, un saxofón... Os Loiras, o pai deste Loira aí do Torrón; un tío, que inda vive, que lle chamaban o Agustín, un tocaba o acordeón, outro o saxofón...

**¿Algunha vez ían gaiteiros ó baile?**

Nada, ó baile iban pouco.

**¿Cando tocaban os gaiteiros entón?**

Nas festas de Cela, era unha gaiteirada que se chamaba. Daquela cunha gaiteirada xa montabamos por riba. Nas festas había gaiteirada e música.

**¿Iban ás festas do redor, a Hermelo...?**

Si si si, a todas. Cando podíamos. Ibamos andando, facendo festa polo camiño, anque fora cunha pandereta. Cantando e bailando por aí arriba.

**¿Quen bailaba ben?**

Muitas, muitas. A de Farria, todas estas que eran dunha idade moza. había moito de bailar e cantar e todo iso, xa che digo, na encrucillada a ver quen cantaba mellor e botaban a perna á orela.

**¿Acórdase das cancións?**

Acórdome pero non as sei cantar, que son vello.

**¿Como eran as fiadas?**

Nas encrucilladas xa che digo, xuntábase toda a xuventude do Torrón e do Beloso e facían a festa coas panderetas.

**¿Como quedaban?**

Os domingos, esto era prós domingos, xuntabámonos todos, pra dispor ir coas mozas á casa ou á festa.

# XOBENA

## *boutique*

*novias, cerimonia, premama,  
complementos*

Rúa do Sol, 12 - 14 - Teléf. 986 891 104 - MARÍN

# Alfalia

ARTESANÍA CREATIVA  
DISEÑO EN PLATA

Secundino Lorenzo, n.º 24 (Esq. Veiguiña)  
Teléf. 986 89 15 11 - 36900 MARÍN



## Electricidad Valado, s.l.

Electricidad en general - Tfno y video portero  
Calefacción Tarifa Nocturna

Telf. 670 302 378

Agustín GONZALEZ  
Valado, 70 - Bueu



## LOGAR

MUEBLES Y COCINAS

MUEBLES INSA, S.L.

Avda. de Cangas, 10 - 36930 BUEU (Pontevedra)

Teléf. 986 32 08 88 - Teléf./Fax 986 32 00 44

## MANUEL ESTÉVEZ ACUÑA

*A súa vida se desenvolveu no lugar de Torrón, aínda que ser, o que si di ser, é de Gándara, tamén en Cela. Pola súa idade foi dos primeiros en ser mobilizados ó fronte na Guerra Civil do 36. Polo demáis, xa dende moi mozo tivo que traballar no campo e garda unha impresión dura pero ó tempo fermosa do noso pasado.*

### *¿Como era a vida no tempo de antes?*

A industria máis que forte que había por estes lugares era a terra. Había que cavar, labrar, coller espigas, levalas para a casa, despois sacarlle os grans para levar ó muiño e por último facer o pan de millo.

### *No traballo, ¿Había colaboración entre a xente?*

A veces, cando eran traballos de apuro, senón non. Ían pais, fillos e netos para a finca, a xente moza por aqueles entóns non estudiaba, non había tantos adelantos. Cando un empeza a andar e valer algo, veña, a producir na terra. Era o que había.

### *Despois do traballo, ¿xuntábanse pra cantar ou facer algún tipo de festa?*

Si, si, facíanse xuntas, en cada aldea había un lugar onde se xuntaba a xuventude.

### *¿Onde se xuntaba a xente de Cela?*

En Cela era máis ben nas tabernas. Íase tomar un vaso de viño. Antes non había cubalibres, pero tamén se collían borracheiras, ieran máis naturais!

### *¿Que xogos practicaban?*

Había a cachiza, que era un pau pequenote que se poñía encima dunha pedriña e despois batíase cun pateiro, un pau longo, e a cachiza saía polo aire.

### *¿Para cantos xogadores era?*

Xogaban dous, tres ou os que cadraban.

### *¿Quen gañaba?*

O que a tiraba máis lonxe.



# MILAR

## AIO & LOREN

### ELECTRODOMÉSTICOS

Pazos Fontenla, 14 - Teléf./Fax 986 32 05 03  
36930 PONTEVEDRA



Pazos Fontenla, 51 - BAJO  
BUEU  
(35,930) Pontevedra  
Distribuidora: 986 32 33 33  
Fax: 986 88 18 07

INFORMÁTICA Y TELEFONÍA - SERVICIO TÉCNICO



DISTRIBUIDORES OFICIALES

## CYBERNOVA

### BUEU

*Benjamín Rodríguez Mallo*

JEFE SERVICIO TÉCNICO

[cynova@telefonica.net](mailto:cynova@telefonica.net)

#### **¿Cando eran mozos, como se divertían?**

Reuníamonos para pasalo ben, cantar e falar; había quen traía algún instrumento como a pandeireta ou un acordeón.

#### **¿Non se facían fiadas?**

Sí, facíanse. Había unha caseta destinada a facer fiadas. Alí tamén se cantaba.

#### **¿En que época se facían?**

Máis ben no inverno, que eran as noites máis longas.

#### **¿Cando empezou a guerra civil, ¿vostede cantos anos tiña?**

Terminaba de cumprir o servizo militar, fíxeno en Marín, así que tiña uns vinte anos, e non facía un ano que terminara cando empezou a guerra. Tocoume de ir a ela, dous anos botei na guerra. Gracias a Dios, hoxe estamos aquí. Estiven en Pamplona, en Huesca, Teruel, tamén na Batalla do Ebro. ¡Alí houbo unha boa cachifada! Aquilo era terrible. Nós estabamos cerca da fronteira dos nacionais, e os roxos estaban enfrente; de noite chamaban por nós e decíannos: "Hijos de puta, venir para aquí, que aquí se está muy bien" e decíámoslle nós: "Sí, si, vamos a ir pronto". Peleabamos irmáns contra irmáns. Dou un golpe de estado, Franco. O bando dos outros non tiña disciplina como tiñamos nós. O lema era vencer ou morrer, non se podía dar marcha atrás. ¡Deus nos aparte de aí!

#### **¿Como viviu a guerra?**

Cantando, como se non pasase nada. Se porque morrían dous, tres ou catro, ¿ías estar apenado? Nada, o contrario, había que ter fe. Ó mellor salvábanse os máis ruíns e morrían os bos.

#### **¿Como se vivía na parroquia durante a guerra?**

Aquí vivíuse traballando e producindo na terra, pra comer un cacho de pan. O que podía mataba un porco e había que repartilo para todo o ano. De oito en oito días púñase a olla do caldo ó lume.

#### **¿Que me conta das Festas de Cela?**

O rematar a festa as mulleres poñían as roscas e nós o viño, íbase para unha taberna, sentabámonos alí a comer e beber, a botarlle piropos uns ós outros. A veces os homes pitiscábanlle e botábanlle a man a unha tetiña, ¡porque iso tamén é cousa natural! Hoxe o que se levan é moitos vicios. Antes cando se bicaba unha moza era que xa estaba vencida, hoxe non, cando un mozo está cunha moza, bico aquí, bico acolá e despois escapan á súa vida. Non hai seriedade.

#### **¿Como se vivía de mozos?**

Pois non coma agora. Cando un tiña uns zapatos era xa un mozo. Hasta aí, había que andar descalzo. Andabamos na arte en Portomaior descalzos, no inverno cando a neve picaba. Agora os nenos así que nacen xa lle compran uns patucos. Tampouco se dan as comidas tan naturais como antes. Nós comiamos moitos "tranchos", eran uns peixiños pequenos que viñan nos aparellos.





# AS DE GUIA II

## Disco - Bar



# LOLI SEARA

## Salón de peluquería y estética

PELUQUERÍA HOMBRE - MUJER - TRATAMIENTOS CAPILARES  
CORTES PERSONALIZADOS - ESPECIALIDADES EN NOVIAS, ETC.

ESTÉTICA - SOLARIUM - DEPILACIONES (Fría, Láser, Etc.)

PEDICURA Y MANICURA (Uñas Esculpidas)

MASAJES ESTÉTICOS

**CITA PREVIA:**

Horario de Verano de 8 a 5 excepto Sábados de 8,30 a 18,30

Los Lunes Cerrado de Mañana

Rúa Bastarreche, 10 Bajo - 36900 MARÍN

Teléf. 986 883 009 - Fax 986 882 827

### ¿Como é iso das artes?

Eran uns aparellos que chegaban aí a onde están hoxe as bateas e despois de terra estaban dous bandos a tirar, os homes amarraban unha corda ó cinturón e tiraban, ó chegar arriba cambiabas e ías para baixo de novo.

### ¿A que idade comezou a traballar?

Empecei de quince anos a traballar no monte, de carreteiro, hasta o tempo da guerra. Daquela pasábase fame como "un maestro de escola", botabas todo o día no monte. E cando volcaba o carro, iaquilo era de medo! Levábanse os pinos de aquí a Cangas en carros de bois, non había tractores. A veces había que esperar a serralos e traelos de volta aquí, íera unha penitencia! Para gañar nada; pagaban a vinte pesetas cada día e se non levabas un mínimo xa non as cobrabas.

### ¿A vida era máis barata ca agora?

Si, en xeral si. Con vinte pesetas xa facías algo ¿hoxe canto vale un kilo de peixe? Depoís da guerra non había prata, comprábase cunha cartilla, houbo uns anos moi malos porque tampouco había donde comprar, aínda que tiveses cartos.








# PYRAMIS

C/ Castela, nº 8 - BUEU

Tel.: 986 321 086

## Construcciones Celso Estevez



Tel.: 986 32 20 59

Cela - Bueu

*Saído da Comisión de Festas*

**O**tro ano máis Cela está de festas, e como non pode faltar a tradición, aquí estamos a Comisión da Xuventude 2003, para recordarlles todos os detalles da Verbena, e convidalos tanto os propios da terra como os forasteiros que nos queiran visitar, xa que as portas estan abertas para quen queira vir.

#### AGRADECEMENTOS

*As festas son patrimonio de todos e cada un dos habitantes de Cela.*

*Todos sabemos o sacrificio que supón realízalas, tanto para a Comisión, como para a xente, por iso queremos agradecer especialmente:*

- *A colaboración da Parroquia cun donativo cando facemos as pedidas.*
- *A colaboración de todas aquelas persoas, que contribúen, a través da compra de rifas da festa, ou aquelas persoas que sen ser da parroquia dan un donativo para a mesma.*
- *A colaboración das firmas comerciais que este ano o igual que moitos anteriores, colaboraron a festa, a través da publicidade exposta nos libros, que como é habitual dende sempre realiza a comisión da Xuventude.*

*Moitas gracias a toda esta xente por axudarnos ano tras ano para que sexa posible a realización da vervena.*

*A Comisión.*





**Bueu.**  
C. Veterinaria

María J. García Couso

Alfonso Castelao, 30 - Bueu - Pontevedra

Tel.: 986 32 41 20



CONSTRUCCIONS  
**Antón, S.L.**

Pousada, 9 - 36939 Cela - Bueu (Pontevedra)

Tel./Fax: 986 32 35 13 - Móvil: 615 39 60 21

Compoñentes da

*Comisión de Festas*

*Ramón Cerviño Valero*

*María J. Otero Graña*

*Laura Otero Loveira*

*Miriam Portela Fernández*

*Rosario Martínez Piñeiro*

*Servando Álvarez Caiño*

*Rosario Lobeira Loveira*

*Silvia Gómez Masenlle*

*Damián Malvido Pena*





RESTAURANTE

# RIMIÑOTO

Lapamán, n.º 53 - Teléf. 986 70 33 96 MARIN


**B A R**

## O LAMBEDEIRO DO VIÑO

TAPAS E VIÑOS DO PAIS

# Tintorería NOEN

C/. Eduardo Vicenti, n.º 55 interior  
Teléf. 986 32 07 12 - BUEU







**Supermercado**


**CAMAR**

**CONGELADOS - PESCADERÍA - DROGUERÍA  
PERFUMERÍA - FRUTERÍA  
CARNICERÍA - CHARCUTERÍA**

**Si dinero quiere ahorrar en "CAMAR" TIENE QUE COMPRAR**

Camiño Vello, 110 - Teléf. 986 720 121  
**SEIXO - MARÍN (Pontevedra)**

**Bar COYOTE**



**ZONA PEATONAL  
BANDA DO RIO**

**STA. M.<sup>a</sup> DE CELA 2003**

**Festa dos MOZOS**

**★ Sábado, día 30 de Agosto ★**

- ★ A las 12,00 h. da mañán Gran Tirada de Bombas anunciando o comenzo das Festas.
- ★ Pola noite e a partires das 22,30 horas actuación dá fabolusa Orquestra:

**TRAFICO**

**QUE ALTERNARÁ  
DURANTE TODA A NOITE COA  
ORQUESTRA**



**SUPER  
TAMBO**



pub  
**Camino**  
  
**Vello**

**ciber-café**

SEIXO - MARÍN

Teléf. 986 70 33 34

**ESTACIÓN DE SERVICIO**

  
**FRESOGAS, S.L.**

**“Le ayudamos a  
cuidar su vehículo”**

Tel. 986 70 20 21 - SEIXO - MARÍN (Pontevedra)

**STA. M.<sup>a</sup> DE CELA 2003**

**Festa dos MOZOS**

★ Domingo, día 31 de Agosto ★

- ★ Ás 8,00 horas Tirada de Bombas.
- ★ A partires dás 9,30 h. Pasarrúas a cargo da Banda de Música:
- UNIÓN MUSICAL de MEAÑO**
- ★ Ás 13,00 h. Misa Solemne seguida da Procesión.
- ★ Ás 20,00 h. reunión dás xuventudes de Ardán e Cela dando paso ás “tradicionalis Vivas”, durante este acto repartirase viño Tinta Femia da Parroquia.
- ★ Como remate a este acto concerto a cargo da citada Banda de Música.
- ★ Seguidamente Verbena coas Orquestras:



**DETROIT** e

**ALKAR**